

# VIEIROS

Bos Aires

Edición xestionada por [Débora Campos](#)

PRESENTACION DUN LIBRO DE POEMAS

## Neira Vilas, 44 anos máis tarde...

No ano 1960, Xosé Neira Vilas publicaba en Bos Aires o seu primeiro libro de poemas: "Dende lonxe". Corenta e catro anos máis tarde asistimos á presentación, na Coruña, de "Dende Gres", poemas escritos na súa aldea natal. Pepe Neira dí que, con eles, "deixei o rebulir cosmopolita das grandes cidades e volví ó meu recolecto eido orixinario, a Gres". Amigos e compañeiros da emigración ó alén-mar compartiron diálogo na Feira do Libro.

- 07:57 12/08/2004

Miguel Anxo Fernán Vello, Director Literario de Espiral Maior Poesía, foi amable e exquisito presentador do libro de poesía de Xosé Neira Vilas "Dende Gres".

A presenza do escritor e académico e a da súa dona Anisia Miranda convocou un público atento e participativo que permitiu comprobar a información precisa e o coñecemento da emigración a Bos Aires e Cuba de Pepe Neira Vilas.

O autor pon título de "Soleira" (primeira pedra da entrada do forno) ó prólogo breve que presenta os contidos dos poemas. Lembra alí que pasaron corenta e catro anos da presentación daquel caderno de versos que titulara "Dende lonxe" e escribira na emigración en Bos Aires. Levaba xa dez anos de trafegos na metrópoli porteña, "coñecendo alí Galiza" como gosta suliñar, cando botou ó ar esa morriña evocadora de trasterrado.

Corenta e catro anos máis tarde asistimos á presentación, na Coruña, de "Dende Gres", poemas escritos na súa aldea natal. Pepe Neira dí que, con eles, "deixei o rebulir cosmopolita das grandes cidades e volví ó meu recolecto eido orixinario, a Gres".

Neira Vilas, escritor e académico galego, é autor dunha importante obra narrativa que inclúe títulos como "Memorias dun neno labrego (1961), "Xente no rodicio" (1965), "Camiño bretemoso" (1967), "Cartas a Lelo" (1971), "Querido Tomás" (1980), "Pan" (1986), "Castelao en Cuba" (1983), "Guerrilleiros" (1991), tres tomos de "Memoria da emigración" (1994, 1995, 1996) e os tres tomos de "Crónicas galegas de América" (1999, 2002, 2003).

Emigrante á Arxentina do 1949 ó 1961, a Cuba outros 31 máis, agora reside en Gres, Provincia de Pontevedra. Foi Segretario das Mocidades Galeguistas fundadas en Bos Aires no 1954 e co-Director do seu órgano principal "Adiante".

Amigos e compañeiros da emigración ó alén-mar compartiron diálogo co autor no peche da Feira do Libro de A Coruña.

Neste libro de poemas, "Dende Gres", Neira Vilas lembra a infancia na súa aldea natal, o monte, o río Ulla, Castromouzo, ós compañeiros "nos días e nas noites, na venturosa choiva, na raxeira, no brancor das xeadas, no destino", sen esquecer á nai, ó tío, ó avó, e describir terra, casas, escola, muiño, ríos, forno e... certamente o retorno.

Unha segunda parte está adicada, baixo o título de "Elexías" a Antón Avilés de Taramancos, Blanco Torres, Manuel Ponte, Curros, Manolo Seixido, cun poema final para o "Che": ... "Comandante/ a perda foi inmensa,/ pero deixache un herdo/ que acendeu un facho en cada peito./ O herdo dun pensamento nidio,/ dunha rexa vontade,/ dunha conducta solidaria./ Deixáchesnos/ unha porta aberta ó mañá./ Che, compañeiro,/ a túa vida e a túa morte/ son para sempre fecundas e exemplares./